



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS PARA O 13.02.2026

Don Manuel Vázquez Faraldo, alcalde do Concello de Miño, dita a seguinte resolución:

De conformidade co establecido no artigo 112 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o artigo 130 e seguintes do Regulamento orgánico do Concello de Miño, e ao abeiro do previsto no artigo 46.3 LRBRL,

RESOLVO:

PRIMEIRO E ÚNICO.- Convocar a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Concello de Miño que terá lugar o día 13 de febreiro de 2026 ás 14:30 horas no salón de plenos da casa do concello; e fixar a seguinte orde do día:

1. Numeración do local situado na rúa Alameda, núm. 13 do lugar da Ponte do Porco, parroquia de Miño.
2. Numeración da parcela situada no lugar de Bañobre, núm. 20 A da parroquia de Castro.
3. Numeración da parcela situada no lugar de Trasdoroña, núm. 63A, parroquia de Leiro.
4. Adhesión ao convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.
5. Adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital asinado o 13 de novembro de 2025.
6. Adhesión ao convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de Responsabilidade Ampliada de Residuos de Envases Domésticos de Envases Lixeiros e Papel Cartón dun só uso.

A documentación está posta á disposición dos membros da Comisión Informativa de Asuntos Xerais a través do Portal de cargos electos da sede electrónica do Concello de Miño.

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. A secretaria acctal. municipal

María del Carmen Dopico Sanjuán